

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref: pregos arrendamento opcion compra sistemas impresion

2009DEFINITIVO.docarrendamento con opción de compra sistemas de impresion

Asunto: pregos arrendamento con opción de compra sistemas de impresion

PREGO DE CLÁUSULAS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN CONVOCADA PARA ARRENDAMENTO CON OPCIÓN DE COMPRA, MANTEMENTO, SUBMINISTRACIÓN DE CONSUMIBLES E REPARACIÓN DOS SISTEMAS DE IMPRESIÓN DO CONCELLO DE LUGO-----

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto deste contrato é a subministración, mediante arrendamento con opción de compra, de equipos de impresión para o Concello de Lugo coas características sinaladas no prego de especificacións técnicas redactado polo responsable municipal de informática así como o mantemento , subministración de consumibles e reparación dos equipos.

CPV. 30120000-6 Fotocopiadoras e impresoras

CNAE 2009.77.33 Aluguer de maquinaria e equipo de oficina, mesmo ordenadores

SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

Trátase dun contrato mixto recollido e regulado nos artigo 12 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público e que ten por obxecto, por unha banda a subministración e instalación, mediante arrendamento con opción de compra de equipos de impresión para o Concello de Lugo coas características sinaladas no prego de especificacións técnicas redactado polo responsable municipal de informática e por outra banda o mantemento , subministración de consumibles e reparación dos equipos que pode considerarse un contrato de servizos.

Non obstante e dado que dende un punto de vista económico ten máis importancia o contrato de subministración, para a adxudicación observarase as normas relativas a este último.

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

CONTRATAACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref#: pregos arrendamento opcion compra sistemas impresion

2009DEFINITIVO.docarrendamento con opción de compra sistemas de impresion

Asunto: pregos arrendamento con opción de compra sistemas de impresion

- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 194 da LCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os seus efectos

Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto no presente prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

TERCEIRA. PREZO DO CONTRATO

O valor estimado do contrato é de 278.675,86 euros mais o 16% de IVE (44.588,14 euros), do que resulta un presuposto máximo de **323.264 euros, IVE** que resulta de sumar o prezo do arrendamento con opción de compra máis os prezo polo mantemento que se calcula pola aplicacion dun prezo por páxina impresa en branco e negro e en cor e considerando unha prevision de 127.500 páxinas mensuais en B/N e 6.000 páxinas mensuais en cor.

- O prezo máximo total do aluguer (48 cotas sendo a última a correspondente ó valor residual) do equipamento é de 200.000 euros IVE 16% incluído.
- O prezo máximo da páxina impresa en B/N é de 0,016 euros IVE 16% incluído
- O prezo máximo da páxina impresa á cor é de 0,088 euros IVE 16% incluído

Faise constar a existencia de consignación orzamentaria na partida 1210.20609 do orzamento xeral de 2009, por importe de 16.666,66 euros (catro meses) e na partida 1210.21609 por importe de 10.272 euros (catro meses) debendo acordar o órgano de contratación o compromiso de habilitación de crédito presupostario no exercizo 2010 a 2013

CONTRATAACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref#: pregos arrendamento opcion compra sistemas impresion

2009DEFINITIVO.docarrendamento con opción de compra sistemas de impresion

Asunto: pregos arrendamento con opción de compra sistemas de impresion

En virtude do artigo 174 do TRLHL, a autorizacion ou realización dos gastos relativos á anualidade 2010 subordinase ó crédito que para ese exercizo autorice o respectivo Orzamento

Para o arrendamento con opción de compra non procederá a revisión de prezos. Os prezos das copias de páxinas en B/N e en cor que resulten da adxudicación poderán ser revisados conforme á variación experimentada polo Índice de Prezos ó Consumo (IPC) durante a anualidade inmediatamente anterior.

O índice de revisión aplicado ó contrato será invariable durante a vixencia do mesmo e determinará a revisión de prezos en cada data respecto á data de adxudicación do contrato. Neste punto estarase por tanto ó que indiquen os artigos 78 e seguintes da LCSP.

CUARTA.- DURACION DO CONTRATO

A duración do presente contrato será de 48 MENSUALIDADES dende a data de subministración do primeiro equipo e do comezo do servizo de mantemento sen admitir prórroga de ningún tipo.

QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR.

O presente contrato adxudicarase polo procedemento aberto e suxeito a regulación armonizada, previsto e regulado polos artigos 122, 141 e seguintes da LCSP.

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estén incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional segundo o establecido nos artigos 43 e seguintes da LCSP.

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Os empresarios deberán contar, asimesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

Poderán así mesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constitúan temporalmente de conformidade co artigo 48 da LCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref#: pregos arrendamento opcion compra sistemas impresion

2009DEFINITIVO.docarrendamento con opción de compra sistemas de impresion

Asunto: pregos arrendamento con opción de compra sistemas de impresion

obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, debendo indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato posuirá a plena representación ante a administración e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da Unión.

SEXTA.- CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA.

6.1.-A xustificación da solvencia económica e financeira deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- b) Contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán aportar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.
- c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ó obxecto deste contrato, referido como máximo ós tres últimos exercizos dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias de dito volume de negocio.

Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilitar as referencias solicitadas poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira por calquera outra documentación considerada como suficiente pola Administración.

6.2 A solvencia técnica poderá ser xustificada por un ou varios dos medios seguintes:

- a) Relación das principais subministracións realizadas nos últimos tres anos que inclúa o importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. As subministracións efectuadas acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa un suxeto privado, mediante

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref: pregos arrendamento opcion compra sistemas impresion

2009DEFINITIVO.docarrendamento con opción de compra sistemas de impresion

Asunto: pregos arrendamento con opción de compra sistemas de impresion

- un certificado expedido por éste, ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.
- b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade.
 - c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade e dos medís de estudo e investigación da empresa.
 - d) Control efectuado pola entidade do sector público contratante ou, en nome deste, por un organismo oficial competente do Estado no que esté establecido o empresario, sempre que medie acordo do devandito organismo, cando os produtos a subministrar sexan complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin particular. O control versará sobre a capacidade de produción do empresario e, se fose preciso, sobre os medios de estudo e investigación de que dispoña e sobre as medidas de control de calidade.
 - e) Mostras, descrições e fotografías dos produtos a subministrar, cuxa autenticidade poda certificarse a petición da entidade do sector público contratante.
 - f) Certificados expedidos polos institutos ou servizos oficiais encargados do control de calidade, de competencia recoñecida, que acrediten a conformidade de produtos perfectamente detallada mediante referencias a determinadas especificacións ou normas

Asi mesmo para a acreditación da solvencia técnica, as empresas licitadoras deberán acreditar experiencia en proxectos similares sendo adxudicatario ou proveedor de cando menos un servizo das características do presente prego por un importe superior ó 50.000 euros IVE incluído.

A forma de acreditar esta circunstancia será por medio de copia de contratos, informes de empresas contratantes, certificacions, etc... que en todo caso permitan comprobar o seu cumprimento.

SÉTIMA.- GARANTÍAS

Os licitadores terán a obriga de presentar o xustificante de constitución dunha garantía provisional por importe de **8.360,27 euros**

O licitador que resulte adxudicatario provisional virá obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 15 días hábiles contados a partir da notificación da adxudicación provisional. De non cumprirse este requisito por causa imputable ó

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref#: pregos arrendamento opcion compra sistemas impresion
2009DEFINITIVO.docarrendamento con opción de compra sistemas de impresion

Asunto: pregos arrendamento con opción de compra sistemas de impresion

adxudicatario provisional, o Concello declarará decaída a adxudicación provisional ó seu favor, sendo de aplicación o disposto no artigo 135.4 LCSP.

As garantías poderán prestarse nalguna das formas sinaladas no artigo 84 LCSP, esto é:

- a) En efectivo ou en valores de debeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas na LCSP e normas de desenvolvemento.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento da LCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos esatablecementos sinalados no artigo 84.1.a) da LCSP.
- c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 84. 1. a) da LCSP.

Se a mesma garantía provisional se constituíse en metálico ou valores, será potestativo para o adxudicatario aplicar o seu importe á garantía definitiva ou proceder á nova constitución desta última. Neste suposto deberá ser cancelada a garantía provisional simultaneamente á constitución da garantía definitiva.

OITAVA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN

O Concello de Lugo publicará anuncios de licitación no Diario Oficial da Unión Europea, no Boletín Oficial do Estado e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.es)

Tendo en conta que os anuncios se prepararán e enviarán por medios electrónicos e que se ofrecerá acceso por medios electrónicos ós pregos e á documentación complementaria, de conformidade co establecido no artigo 143 da LCSP, o prazo de presentación de proposicións será de **corenta días naturais** contados dende a data do envío do anuncio do contrato á Comisión Europea.

NOVENA.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN.

As empresas presentarán a súa proposición en TRES sobres pechados, asinados polo propoñente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, dirección, teléfono e fax, para os efectos de notificacións. Ditos sobres denominaranse coas letras A DOCUMENTACIÓN

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref#: pregos arrendamento opcion compra sistemas impresion

2009DEFINITIVO.docarrendamento con opción de compra sistemas de impresion

Asunto: pregos arrendamento con opción de compra sistemas de impresion

ADMINISTRATIVA, B OFERTA TÉCNICA e sobre C OFERTA ECONÓMICA.

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula oitava, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario de 9 a 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Faise constar expresamente a non admisibilidade de variantes ou alternativa nas proposicións por tratarse dun contrato cun obxecto perfectamente determinado.

DÉCIMA.- DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E PROPOSTA ECONÓMICA.

O **sobre denominado A**, documentación administrativa, conterá, como mínimo, os seguintes documentos:

- Acreditativos da personalidade do licitador, que poderán ser:

a) DNI do licitador, se se trata de empresario individual, ou escritura de constitución se se trata dunha sociedade, debidamente inscrita no seu correspondente rexistro.

b) Poder bastantado: os que comparezan ou asinen proposicións representando a outra persoa ou entidade presentarán poder debidamente bastantado polo titular da asesoría xurídica do Concello ou por funcionarios do servizo de contratación do Concello habilitados ó efecto. Para isto, presentarse orixinal e fotocopia nas oficinas de contratación do Excmo. Concello de Lugo, cunha anterioridade mínima de dous días hábiles ó remate do prazo de presentación das proposicións, de 9,30 a 14,00 horas, de luns a venres e aboarase a correspondente taxa (9,70

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref^a: pregos arrendamento opcion compra sistemas impresion
2009DEFINITIVO.docarrendamento con opción de compra sistemas de impresion

Asunto: pregos arrendamento con opción de compra sistemas de impresion

euros aprox.). Se a empresa fose persoa xurídica, o poder deberá estar debidamente inscrito no Rexistro Mercantil.

- Acreditación da solvencia económica, financeira e técnica e profesional polos medios indicados na cláusula sexta deste prego de cláusulas.

- Declaración responsable do licitador outorgada ante unha autoridade administrtriva, notario público ou organismo profesional na que se faga constar que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 49 da LCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen perxuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación definitiva, polo empresario a favor do cal se vaia efectuar esta. Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Tributaria segundo se trate de tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería xeral da Seguridade Social.

- Presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas.

- Xustificante de constitución dunha garantía provisional por importe de **8.360,27 euros**.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo funcionario/a encargado/a do rexistro deste Excmo. Concello.

No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:

- Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref#: pregos arrendamento opcion compra sistemas impresion

2009DEFINITIVO.docarrendamento con opción de compra sistemas de impresion

Asunto: pregos arrendamento con opción de compra sistemas de impresion

- Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acredita-la súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Certificación expedida pola respectiva representación diplomática española na que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de representación diplomática española sobre a condición do estado signatario do acordo sobre contratación pública da organización mundial do comercio ou, no caso contrario, o informe de reciprocidade.

- Declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

O **sobre B- Oferta Técnica** -conterá toda a documentación técnica necesaria para a valoración das proposición ofertadas, de acordo cos critérios de adxudicación referidos ás características técnicas do hardware ofertado, características do mantemento e dos servizos e perfil do equipo de traballo que se indican na cláusula décimo segunda apartado (puntos 2,3,4 e 5) deste prego.

O **sobre C-Oferta Económica** -conterá o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don....., maior de idade, con DNI núm en representación decon enderezo a efectos de notificación en, tendo coñecemento do procedemento convocado polo Excmo. Concello de Lugo para a **“CONTRATO DE ARRENDAMENTO CON OPCIÓN DE COMPRA, MANTEMENTO, SUBMINISTRACIÓN DE CONSUMIBLES E REPARACIÓN DOS SISTEMAS DE IMPRESIÓN DO CONCELLO DE LUGO”**, propón a seguinte oferta:

1.- Prezo do alugamento referido á duración total (48 cotas) : ----- euros máis o 16% de IVE ----- resultando un total de -----euros IVE incluído, a razón de euros IVE incluído mensuais.

2.- Prezo unitario de cada copia en branco e negro (B/N): ----- euros máis o 16% de IVE ----- resultando un total de -----euros IVE incluído

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref#: pregos arrendamento opcion compra sistemas impresion

2009DEFINITIVO.docarrendamento con opción de compra sistemas de impresion

Asunto: pregos arrendamento con opción de compra sistemas de impresion

3.- Prezo unitario de cada copia en cor: ----- euros máis o 16% de IVE -
----- resultando un total de -----euros IVE incluído

c) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e das condicións técnicas, como licitador e como adxudicatario, se é o caso.

d) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

De conformidade co artigo 131 da LCSP admítese a presentación de variantes ou alternativas.

Neste caso e de segundo a cláusula 5 dos pregos técnicos, cada licitador poderá ofertar dúas opcións como máximo, coas configuracións que considere oportunas. En tal caso, cada opción deberá ser indicada como opción A e B, e deberán estar en documentos independentes.

DÉCIMO PRIMEIRA.- MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DE PLICAS

De conformidade co previsto no artigo 295 LCSP a Mesa de Contratación estará integrada por:

PRESIDENTE: Sra Concelleira delegada da área de economía e emprego.

VOCAIS:

- O Concelleiro delegado da área de servizos xerais.
- Un Concelleiro de cada un dos grupos políticos que forman a Corporación
- Interventor xeral ou funcionario/a que o substitúa
- A titular da asesoría xurídica do Concello ou funcionario/a que a substitúa.

SECRETARIO: O xefe do servizo de contratación ou funcionario/a que o substitúa.

O acto público de apertura das ofertas técnicas (sobre B) celebrarase ó segundo día natural contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase,

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref#: pregos arrendamento opcion compra sistemas impresion

2009DEFINITIVO.docarrendamento con opción de compra sistemas de impresion

Asunto: pregos arrendamento con opción de compra sistemas de impresion

no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

Posteriormente, e tras a valoración da documentación contida no sobre B e a proposta de puntuación obtida polos licitadores, convocarase a estes para o acto público de apertura de ofertas económicas (sobre C), tralo cal se producirá a valoración final e realización da proposta de adxudicación por parte da mesa de contratación.

DÉCIMO SEGUNDA. CRITERIOS DE ADXUDICACION

Os **criterios de adxudicación** para a selección da empresa adxudicataria serán os seguintes:

1.- Oferta económica do seguinte xeito: - Custo do total do alugamento (as 48 mensualidades) (ata 25 puntos) - Custo por páxina en B/N (ata 11 puntos) - Custo por páxina a cor (ata 4 puntos)	ata 40 puntos
2.- Características técnicas do hardware ofertado. (Valorarase, sempre que superen os mínimos esixidos): - Velocidades de impresión (ata 8 puntos) - Tempo de primeira copia (ata 4 puntos) - Número de gabetas (ata 3 puntos) - Dúplex (ata 3 puntos) - Capacidade das Gabetas (ata 2 puntos) - Memoria (ata 2 puntos) - Gramaxes e tamaños de papel permitidos (ata 2 puntos) - Maiores volumes de copias que podan soportar ó mes (ciclo máximo) (ata 2 puntos) - Outros (ata 4 puntos)	ata 30 puntos
3.- Características do mantemento: - Tempo de resposta e resolución de incidencias (ata 3 puntos) - Mantementos preventivos das maquinas (ata 2 puntos) - Prazos de garantía (ata 1 punto) - Horario de atención (ata 1 punto) - Canais de atención (ata 1 punto) - Homoxeneidade das marcas e modelos de equipos (ata 0,5 puntos)	ata 20 puntos

CONTRATAACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref#: pregos arrendamento opcion compra sistemas impresion

2009DEFINITIVO.docarrendamento con opción de compra sistemas de impresion

Asunto: pregos arrendamento con opción de compra sistemas de impresion

<p>4.- Características dos Servizos:</p> <ul style="list-style-type: none">- Incorporación dun centro de custe que permita monitorizar e controlar as copias por usuario (LDAP). (ata 5 puntos)- Software de xestión do parque microinformático e seguimento de incidencias (ata 3 puntos)- Acreditación do cumprimento e a posesión da certificación ISO 9001/2000 por parte do licitador, con respecto ó obxectivo concreto do contrato. (ata 2,5 puntos)- Servizos de valor engadido proporcionados polo subministrador dentro da oferta (ata 1 punto)	
<p>5.-Perfil do equipo de traballo:</p> <p>Cualificación e Cantidade de recursos humanos (ata 6 puntos)</p> <p>Outras certificacións de calidade (ata 1,5 punto)</p> <p>Certificacións técnicas dos fabricantes (ata 1,5 punto)</p> <p>Materiais postos a disposición pola empresa (ata 1 punto)</p>	<p>ata 10 puntos</p>

A valoración técnica realizarase de xeito proporcional ó número de impresoras que se proverán para cada tipo de equipo. A valoración económica farase de xeito proporcional ós prezos indicados nas ofertas, entre o máximo recollido no prego (0 pts) e a mellor oferta (núm max de puntos), sempre que non se poda considerar desproporcionada ou temeraria, do mesmo xeito que se fará nas restantes valoracións, sempre que sexa posible.

De conformidade co artigo 136 da LCSP, consideraránse en principio, desproporcionadas ou temerarias as ofertas que se atopen nos seguintes supostos:

1. Cando, concorrendo un solo licitador, a oferta económica sexa inferior ó presuposto base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais
2. Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.
3. Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, excluírase para o cómputo da dita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais á dita media. En calquera caso, considerarase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.
4. Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, se entre elas existen ofertas que sexan superiores á dita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederase ó cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o número das

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref#: pregos arrendamento opcion compra sistemas impresion

2009DEFINITIVO.docarrendamento con opción de compra sistemas de impresion

Asunto: pregos arrendamento con opción de compra sistemas de impresion

restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN PROVISIONAL E DEFINITIVA

1. A adxudicación provisional será efectuada polo órgano competente a proposta da Mesa de Contratación, unha vez obtidos, de ser o caso, os informes técnicos necesarios. Deberá notificarse ós candidatos ou licitadores e publicarse no perfil do contratante e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. A adxudicación recaerá sobre a proposta que resulte máis vantaxosa, en apreciación conxunta de tódolos documentos presentados, ou declararase deserta se, na súa apreciación libre e xustificada, ningunha das proposicións presentadas resultase conveniente ós seus fins.

2. A elevación a definitiva da adxudicación provisional producirase unha vez transcurridos quince días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que se publique esta última no perfil do contratante do Concello de Lugo e no Boletín Oficial da provincia de Lugo. Neste prazo, o adxudicatario deberá presentar a documentación acreditativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e coa Seguridade Social, así como o xustificante de constitución da garantía definitiva e o xustificante de aboamento dos gastos de anuncios.

A circunstancia de atoparse a empresa ó corrente no cumprimento nas súas obrigas tributarias co concello de Lugo comprobarase de oficio polo servizo de contratación.

DÉCIMO CUARTA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo de dez días hábiles a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación definitiva, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

Previamente á formalización do contrato o adxudicatario deberá achegar o xustificante de aboamento dos gastos dos anuncios e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato.

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref: pregos arrendamento opcion compra sistemas impresion

2009DEFINITIVO.docarrendamento con opción de compra sistemas de impresion

Asunto: pregos arrendamento con opción de compra sistemas de impresion

No caso de que o contrato fora adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado pra a formalización do contrato.

Cando por causas imputables ó contratista non se puidera formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a resolución do mesmo así como a incautación da garantía provisional que, no seu caso, fora constituída, podéndose adxudicar ó licitador ou licitadores seguintes a aquel, por orde das súas ofertas, contando coa conformidade do novo adxudicatario.

DECIMO QUINTA.- RECEPCIÓN E PAGAMENTO

- O contratista esta obrigado a entregar e poñer a disposición do Excmo. Concello de Lugo os produtos obxecto deste contrato nos prazos indicados na cláusula cuarta deste prego e conforme as instrucións dadas polo responsable do servizo de informática. Os gastos de entrega e transporte ata os lugares indicados polo responsable serán por conta do contratista.

- O produto será recibido polo responsable municipal de informática; se este non se atopa en estado de ser recibido farase constar así na acta de recepción dando as instrucións precisas ó contratista para que amañe os defectos observados ou proceda a unha nova subministración axustada ó contratado.

- O Concello aboará o prezo total do arrendamento mediante CORENTA E SETE COTAS do importe resultante da oferta que resulte adxudicataria do contrato. Estas cotas serán xiradas polo arrendador á conta da que é titular o Concello dentro dos dez primeiros días de cada mes. Finalmente xirarase a derradeira cota co núm 48 que corresponderá ó valor residual do produto subministrado para o caso no que o Concello opte por facer efectiva a opción de compra. A decisión de exercitar a opción de compra corresponderalle ó órgano de contratación, previo informe técnico do responsable municipal de informática.

DECIMO SEXTA.- DEREITOS E OBRIGAS DAS PARTES

1.- O/s adxudicatario/s virán obrigado/s a asumir os gastos e impostos derivados da formalización dos contratos (400 euros aprox.) e as taxas que resulten de aplicación segundo as disposicións vixentes na forma e contía que estas sinalen.

CONTRATAACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref^o: pregos arrendamento opcion compra sistemas impresion

2009DEFINITIVO.docarrendamento con opción de compra sistemas de impresion

Asunto: pregos arrendamento con opción de compra sistemas de impresion

2.- O/s adxudicatario/s virá/n obrigado/s ó pagamento de todo xénero de tributos estatais, locais e autonómicos, e a solicitar a concesión das autorizacións e licencias que lle fosen necesarias das AA.PP. ou organismos públicos ou privados, e serán da súa conta as xestións e gastos que ocasionen.

3.- O /s adxudicatario/s esta/n obrigado/s o cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, Seguridade Social e Hixiene no Traballo .

4.- O/s adxudicatario/s está/n obrigado/s ó cumprimento das disposicións vixentes en materia de protección da industria.

5.- A sociedade arrendadora, propietaria do material, cede o seu uso ó arrendatario polo período de 47 meses con carácter irrevogable . Ó remate deste prazo, o arrendatario ven obrigado a súa restitución salvo que exercite a opción de compra que se lle reconece no seguinte apartado.

6.- A sociedade arrendadora constitúe a favor do arrendatario opción de compra do material que poderá exercitarse ó remate do período de cesión de uso pagando como prezo da compravenda a cantidade fixada como valor residual na oferta adxudicataria. Para exercitarse a opción de compra, o arrendatario deberá estar ó corrente no pagos das obrigas asumidas no presente contrato.

7.- A sociedade arrendadora, na súa condición de compradora do material subroga expresamente ó arrendatario en cantos dereitos e accións lle correspondan fronte ó subministrador do vehículo obxecto do presente contrato.

8. Dadas a natureza e condicións do contrato, o mesmo deberá ser executado directamente polo adxudicatario, non sendo posible a subcontratación.

DÉCIMO SÉTIMA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS.

- O adxudicatario estará obrigado a cumprir as disposicións vixentes en materia de protección da industria.

- O adxudicatario está obrigado, igualmente, a cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de Seguridade e Hixiene no traballo.

Para o cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a empresa deberá de achegarlle ó Gabinete de Prevención de Riscos

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref: pregos arrendamento opcion compra sistemas impresion

2009DEFINITIVO.docarrendamento con opción de compra sistemas de impresion

Asunto: pregos arrendamento con opción de compra sistemas de impresion

Laborais do Concello con carácter previo ó inicio da prestación de que se trate a seguinte documentación:

1.- Xustificación da modalidade de desenvolvemento da actividade preventiva na empresa.

a) No suposto de que esta concertara un servizo de prevención alleo, deberá presentar certificación del, comprensiva das especialidades concertadas e vixencia do concerto.

b) No suposto de que sexa membro dun servizo mancomunado, deberá presenta-la acta da súa constitución.

c) Se existe un traballador designado, haberá de indicarse o seu nome, así como a súa aceptación.

2.- Certificación de que a avaliación e plan de acción están feitas ou en procedemento, así como acreditar que foi realizada a información e formación dos traballadores, ou ben que se está realizando.

3.- No caso de que a empresa contratista subcontrate todos ou parte dos traballos con outras empresas, estas deberán de achegarlle a documentación esixida ó contratista principal, e este será responsable en caso de non levalos a cabo.

4.- En todo caso o Concello, en calquera momento durante o prazo de vixencia do contrato, poderá solicitar da empresa contratista ou subcontratista os requisitos legalmente establecidos na lexislación de prevención de riscos laborais.

5.- No caso de non achegar a dita documentación, non poderá realizarse a contratación. E no mantemento de tales requisitos durante o prazo de vixencia do contrato dará lugar á súa rescisión sen que iso xere ningún tipo de indemnización a favor da empresa.

Xúntase anexo ó presente prego para que sexa cuberto pola empresa e enviado ó Concello.

O incumprimento destas obrigas por parte do adxudicatario ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante.

DÉCIMO OITAVA.- GARANTÍAS E ASISTENCIA TÉCNICA

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref: pregos arrendamento opcion compra sistemas impresion

2009DEFINITIVO.docarrendamento con opción de compra sistemas de impresion

Asunto: pregos arrendamento con opción de compra sistemas de impresion

O equipamento e as tarefas de instalacion terán, como mínimo, UN ano de garantía.

DECIMO NOVENA.- PENALIDADES POR DEMORA

O subministrador seleccionado queda obrigado ó cumprimento do prazo de execución do contrato.

Se chegado o remate do prazo fixado, o subministrador incorrera en demora por causas imputables ó mesmo, o Concello poderá optar pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades económicas.

Estas terán a contía determinada no artigo 196 da LCSP.

VIXÉSIMA. EXTINCIÓN DO CONTRATO.

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas nos artigos 206 e 284 da LCSP, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nas condicións técnicas deste contrato.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 207, 208 e 275 da LCSP.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

Lugo, a 28 de setembro de 2009

A TÉCNICO DE
ADMINISTRACION XERAL

O XEFE DE CONTRATACION

Asdo. Ana Tabarés Martínez

Asdo. Manuel Louzao Aldariz

A N E X O

DATOS:

EMPRESA:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref: pregos arrendamento opcion compra sistemas impresion

2009DEFINITIVO.docarrendamento con opción de compra sistemas de impresion

Asunto: pregos arrendamento con opción de compra sistemas de impresion

PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX.:	

MODALIDADE DE ACTIVIDADE PREVENTIVA

1° <input type="checkbox"/> CONCERTO CON SERVICIO DE PREVENCIÓN ALLEO OU MUTUA			
NOME:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX:	
ESPECIALIDADES CONTRATADAS:			
PERÍODO DE VIXENCIA DO CONCERTO:			

*** XUNTAR O CERTIFICADO DE QUE REALIZOUSE A AVALIACIÓN E O PLAN DE ACCIÓN ASÍ COMO A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DOS TRABALLADORES.**

2° **COMO MEMBRO DO SERVICIO MANCOMUNADO**

*** Xuntar a acta de Constitución.**

3° **TRABALLADOR DESIGNADO**

Nome e Apelidos:

Cargo:

NOME EMPRESARIO:

SELO DA EMPRESA

D.N.I.:

FIRMA:

DATA:

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref: pregos arrendamiento opcion compra sistemas impresion

2009DEFINITIVO.docarrendamiento con opción de compra sistemas de impresion

Asunto: pregos arrendamiento con opción de compra sistemas de impresion